



BASES DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL 2021

Prego de Bases que rexerán o XV Concurso de Escaparates de Nadal 2021, organizado polo Concello de Santa Comba en colaboración coa Asociación de Empresarios de Santa Comba

1.- Participantes: poderán participar tódolos comercios e establecementos ubicados no termo municipal do Concello de Santa Comba.

2.- Inscripción: a participación en dito concurso é totalmente gratuíta, debendo inscribirse os interesados nos seguintes enderezos ou contactos:

- Asociación de Empresarios de Santa Comba, en horario de 9:30 a 15:00 hrs., nos teléfonos 981 818 604 e/ou 633 181 817, ou presencialmente na sede da Rúa Pontevedra núm. 9 entrechán.
- Concello de Santa Comba, no 981 818 710, ou presencialmente no Edificio Multiusos.

3.- O prazo de inscrición: comezará o luns 13 de decembro e rematará o xoves 23 de decembro ás 15:00 horas.

4.- O Xurado: estará composto por tres membros designados pola organización, co obxectivo de realizar a proposta dos escaparates gañadores dos catro primeiros premios.

5.- Os escaparates serán examinados polo xurado profesional entre os días luns 27 e o xoves 30 de decembro, ambos inclusive, e os escaparates deberán de permanecer expostos dende o venres 24 de decembro de 2021 ata o venres 7 xaneiro de 2022.

6.- Valoración dos escaparates: para a valoración o xurado terá en conta os seguintes aspectos:

- Temáticas de Nadal: terase en conta a decoración con temática de Nadal.
- O escaparate deberá ter relación co produto que se vende no establecemento.
- Terase en conta o traballo manual de cada un dos establecementos participantes, valorándose positivamente tódolos elementos feitos de xeito manual.
- A orixinalidade e a iluminación serán outros dos aspectos a ter en conta, así como a innovación e a integración no espazo.
- Valorarase a non repetición de elementos decorativos doutros anos.

7.- OS PREMIOS:

- 1º Premio: 350 € en vales de compra no comercio local.
- 2º Premio: 250 € en vales de compra no comercio local.
- 3º Premio: 175 € en vales de compra no comercio local.
- 4º Premio: 125 € en vales de compra no comercio local.
- 5º Premio: especial Redes Sociais 100 € en vales de compra no comercio local.

O resto de participantes recibirán un obsequio conmemorativo por parte da organización.

Os catro primeiros premios serán propostos polo xurado mentres que o quinto premio será o resultado do número das interaccións das redes sociais do Concello de Santa Comba.

Os catro establecementos premiados a proposta do xurado serán subidos ás redes sociais do Concello: Facebook SantaComba Info+ o día 3 de xaneiro de 2022 ás 10:00 horas.

O establecemento gañador do 5º Premio, premio especial redes sociais, será o escaparate que máis interaccións obteña nas Redes Sociais, e subirase ás redes sociais do Concello: Facebook SantaComba Info+ unha foto de cada un dos escaparates, dende as 12 horas do día 3 de xaneiro ata as 12:00 horas do día 7 de xaneiro de 2022.



CONCELLO DE SANTA COMBA

Terra de Xallas

Praza do Concello 1, 15.841 Santa Comba (A Coruña), Tlfs: 981 880 075 - 609 241 138 Fax: 981 880 716
Web: www.santacomba.es eMail: correo@santacomba.dicoruna.es



EMPRESARIOS
SANTA COMBA

8.- A entrega de premios realizarase no mes de xaneiro, na data fixada conxuntamente pola Asociación de Empresarios de Santa Comba e o Concello de Santa Comba, na Casa do Pozo ou no Edificio Multiusos, seguindo os protocolos vixentes en materia de prevención da COVID-19.

9.- Os vales de premios deberanse recoller e consumir no Comercio Local de Santa Comba como data límite o luns 28 de febreiro de 2022.

10.- O feito de participar neste concurso supón a aceptación destas bases.

Santa Comba, 7 de decembro de 2021.

Concello de Santa Comba
A Alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

Asociación de Empresarios de Santa Comba
O Presidente

Alberto Romar Landeira

Firmado por 78800502H
ALBERTO ROMAR (R: G15551104)
el día 09/12/2021 con un
certificado emitido por AC
Representación